

Polos camiños do Ulla

2018

Goza o Ulla



PROGRAMA PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE:
A ESTRADA | AGOLADA | ANTAS DE ULLA | ARZÚA | BOQUEIXÓN
CATOIRA | DODRO | MONTERROSO | PADRÓN | PALAS DE REI
PONTECESURES | RIANXO | SANTISO | SILLEDA | TEO | TOURO
VALGA | VEDRA | VILA DE CRUCES | VILAGARCÍA DE AROUSA

Máis información e actividades complementarias:
concellos participantes, gozadoulla@gmail.com,
<https://www.facebook.com/Gozaoulla>




SILLEDA

ROTEIRO DA HISTORIA. PRAIA DE CIRA (SILLEDA) - PONTE LEDESMA (GRES (VILA DE CRUCES))

GPS: N: 42° 47' 02.8"
O: 8° 20' 44.7"

Data: Domingo, 22 de setembro de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 12 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Praia fluvial de Cira
Contacto e información:
Tlfno.: 986 180 245 - 654 397 120
alfredo.abeledo@silleda.es

Roteiro lineal intermunicipal entre os Concellos de Silleda e Vila de Cruces, con saída da Praia Fluvial de Cira e remate na parroquia de Gres. Percorrido polos Invernadoiros da contorna de Cira, Torre Fortaleza, paseo paralelo pola ribeira do Ulla, parada na Casa Natal de Neira Vilas e remate na histórica Ponte Ledesma en Gres, para disfrute das insuas e da área de descanso alí habilitada. O regreso farase en autobús ata o punto de partida para aqueles que o desexen.



ARZÚA

RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

GPS: N: 42° 55' 40.6"
O: 8° 09' 41.0"

Data: Sábado, 29 de setembro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Mercado Centro Multiusos "Terra do Queixo"
Contacto e información: Tel.: 676 172 978
luis.otero@concellodearzuza.com

A paisaxe de Arzúa está tracexada polo curso dos seus ríos e regatos. O río Iso, o Mera e o Ulla, e os seus numerosos afluentes, acobillan nas súas ribeiras acougantes recunchos e conservan unha vizosa fauna e flora. A auga é protagonista na fervenza das Hortas tamén chamada Fervenza de Santa Marta que é un dos límites naturais entre os concellos de Arzúa e Touro. Consta de dúas caídas de auga duns 30 m. de altura. Na súa parte alta atópase o muíño dos Agra, situado no Concello de Touro.



CATOIRA

O ULLA DESDE ABALO

GPS: N: 42° 39' 39.3"
O: 8° 43' 57.0"

Data: Domingo, 30 de setembro de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 16 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Pedras Miúdas
Contacto e información: Tel.: 986 546 014
Departamento de Cultura
monica.catoira@gmail.com

Ruta circular que parte de Pedras Miúdas en dirección á parroquia de Abalo, visitando os Muíños, únicos en toda Europa polo seu dobre sistema de aspas. Tamén se visitará a Igrexa e poderemos gozar dunha marabillosa vista da Ría de Arousa. O percorrido incluírá a visita á Laxe das Tixolas, un dos petróglifos máis singulares da localidade, continuando cara os Muíños de Catoira en dirección a Pedras Miúdas para cerrar o itinerario.



PADRÓN

RECUNCHOS DO ULLA E SAR

GPS: N: 42° 44' 14.6"
O: 8° 39' 32.6"

Data: Sábado, 6 de outubro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 17,1 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Centro Social Conc. de Padrón
Contacto e información: Tel.: 646 593 319
turismo@padron.gal ou

Ruta circular que percorre as beiras dos ríos Sar e Ulla, practicamente cha ata o km 12 onde se inicia a ascensión ao monte de Lestrove para chegar ao seu mirador onde se divisa toda a comarca do Ullán. Esta ruta permítenos facer un roteiro cultural pasando por algúns dos elementos máis característicos desta zona, as pesqueiras da lamprea, o Convento de Herbón, a Fundación de Rosalía de Castro, e O Santiaguíño do Monte. Pola tarde ofrecerase unha visita guiada polo casco histórico de Padrón de balde. Inscripción previa. (17:30 h.)



RIANXO

AS TRES CRUCES

GPS: N: 42° 40' 04.5"
O: 8° 44' 23.5"

Data: Sábado, 13 de outubro de 2018
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 11 Km.
Dificultade: Media/baixa
Punto de encontro: Escolas de Quintáns Parroquia de Isorna
Contacto e información: Tel.: 667 185 576
turismo@concelloderianxo.gal

Roteiro circular que transcorre pola beira do río Ulla até chegar a un Vía Crucis marítimo-fluvial situado no Cabo de Trececrúces, na ladeira do Monte Palleiro. Percorrer a desembocadura do río Ulla pola marxe do concello de Rianxo permitirá ollar a outra marxe pertencente ós concellos de Catoira e Vilagarcía, así como a Illa de Cortegada e a Ría de Arousa. O roteiro continuará das Tres Cruces até as Cercas, seguindo polo lugar do Souto até chegar ao punto de inicio.



SANTISO

MUIÑO DAS CAÑIZAS - CAPELA DE SAN XURXO

GPS: N: 42° 51' 54.3"
O: 8° 5' 59.6"

Data: Sábado, 20 de outubro de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 8 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Campo da festa da Capela de San Xurxo
Contacto e información: Tel.: 981 818 501
nicolas.castro@santiso.org

Esta ruta percorre o marxe do río Ulla, durante aproximadamente 8 km, desde o muíño das Cañizas ata a Capela de San Xurxo pasando pola área recreativa a Cornella. Esta ruta está integrada dentro da ruta 226 de 40 kms. A maior parte do trazado discorre por pistas forestais e de concentración parcelaria, hai moi poucas partes asfaltadas. Durante o camiño encontraremos indicacións de igrexas, monumentos, establecementos de turismo rural, etc.




TOURO

FERVENZA DAS HORTAS / SANTA MARTA - PONTE BASEBE

GPS: N: 42° 52' 01.4"
O: 8° 18' 13.3"

Data: Sábado 27 de outubro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Casa do Concello
Contacto e información: Concello: 981 50 40 29, Extensión 2011. Punto de Información Turística: 981814566. E-mail: ana.pajaro@concellodetouro.gal

A andaina dará comezo no límite municipal entre os concellos de Arzúa e Touro, marcado polo río das Hortas, no que podemos disfrutar da fervenza das Hortas tamén chamada de Santa Marta. Desde este punto o roteiro segue o camiño tradicional a Circes, achegándonos ao lugar dos Chaos, desde donde descende discorrido a media ladeira ata o encoro do Salto de Touro. Tras pasar ao carón da Pena das Letras e moi cerca do petroglifo de Pena Furada.



VILA DE CRUCES

OLLARES - PONTE BASEBE

GPS: N: 42° 47' 38.0"
O: 8° 10' 13.0"

Data: Domingo 28 de outubro de 2018
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 8 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Casa do Concello
Contacto e información: Tel.: 986 582 017
concellodeviladecruces@gmail.com

Ruta lineal dende a parroquia de Ollares ata a Ponte Basebe, pasando por xunto o embalse de Touro. Transcorre por diversos sendeiros e camiños colindantes ó río Ulla. Durante estes 8 Km. o camiñante disfrutará dunha morea de sensacións transmitidas pola gran riqueza paisaxística da zona, permitindo disfrutar da ampla flora e fauna que viste este marco incomparable de Vila de Cruces.



MONTERROSO RUTA DOS MUÍÑOS

GPS: N: 42° 47' 35.3"
O: 7° 50' 11.5"

Data: Sábado, 26 de maio de 2018
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Concello. Praza de Galicia s/n.
Contacto e información: Tel.: 678 279 106
espazo.lorenzo.varela@gmail.com

A ruta denominámola “dos muíños” porque son o nexo de unión do trazado. Partiremos do muíño de Curuxás e polo percorrido veremos tamén os de Illoa, A Graña, Fente, Alemán rematando no Corgo. Tamén a ruta lévanos pola área recreativa da Peneda.

De regreso, pódense visitar diferentes puntos de interese como son o Pazo de Laxe, a Casa-Torre de Cumbras, o cemiterio dos Peregrinos (Ligonde), o cruce de Lameiros, a igrexa de Novelúa ou o conxunto de San Miguel de Penas.



PALAS DE REI RUTA DAS TORRENTES

GPS: N: 42° 51' 27.1"
O: 7° 52' 04.3"

Data: Domingo, 27 de maio de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 7 Km.
Dificultade: Alta
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 982 380 001
culturapalas@gmail.com

A ruta percorrerá o río Ulla polo tramo das Torrentes de Mácara, iniciándose no antigo Balneario de Frádegas e chegando ata a unión do Río Pambre co Ulla.

Neste tramo hai un pequeno canón entre granito con moitos rápidos e pequenas fervezas, a de maior altura entre 3 e 4 m. Atópanse árbores de formas irregulares e grandes rochas que se deben atravesar, as veces, non sen dificultade. Posteriormente visitarase o Castelo de Pambre



BOQUEIXÓN ROTEIRO DE PESCADORES E RÍO GRANDE

GPS: N: 42° 47' 44.0"
O: 8° 24' 19.3"

Data: Sábado, 2 de xuño de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 9,6 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Codeso - San Paio
Contacto e información: Tel.: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com

O punto de partida da andaina é Ponte Ledesma, un núcleo poboacional cun conxunto etnográfico moi importante: Igrexa Divino Salvador de Ledesma, a Ponte Vella de Ledesma e as Ínsuas de Gres sobre o Ulla. Percorreremos o roteiro dos Pescadores, tramo de Rede Natura 2000, un espazo natural protexido. Unha fermosa senda de pescadores cunhas vistas de gran beleza ata a parroquia de Donas. Seguiremos polo roteiro do río Grande que nos vai levar á Capela de San Paio en Codeso, rematando nunha ferveza de 7 m. de altura.



DODRO BRAÑAS DE LAÍÑO

GPS: N: 42° 44' 0.05"
O: 8° 40' 0.90"

Data: Sábado, 9 de xuño de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Pazo de Lestrobe
Contacto e información: Tel.: 981 802 532
deportes@concellodedodro.org

Ruta cun perfil moi chan e favorable. Ten entre 0,5 e 15 metros de elevación.

Percorre na súa totalidade a veiga de Lestrobe e as brañas de Laiño. Considerado un dos humidaís máis importantes de Europa e onde habita a maior poboación da escribenta das canaveiras, en serio perigo de extinción. O camiñante poderase achegar ó Ulla no seu curso baixo e percatarse da súa inmensidade e de todo o que o rodea ó seu paso por Dodro. Toma o testigo do curso do río onde remata o veciño Padrón e entrégallo a Rianxo.



VILAGARCÍA DE AROUSA

CIRCULAR POLO XIABRE, DENDE O MIRADOR SOBRE O ULLA ATA O EMBALSE

GPS: N: 42° 37' 10.6"
O: 8° 45' 26.2"

Data: Domingo, 10 de xuño de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 19 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Pinar do Rei, no punto limpo.
Contacto e información: Javier Villaronga
Tel.: 986 099 200, ext. 214
turismo@vilagarcia.es

Saíndo de Pinar do Rei, nos achegamos ata o miradoiro de Bamio para divisar a desembocadura do Ulla. Logo alcanzamos outra atalaia sobre Vilagarcía e a Ría de Arousa, continuamos ata case o nacemento do río Con, que cruzamos deixando á dereita unha curta cascada, baixamos cunha fermosa vista e camiñamos por sendeiros ata bordear o embalse. Volvemos a meternos no monte polo paseo dos castaños e continuamos por sendas ata o punto de partida.



ANTAS DE ULLA ULLOANDO POLO NACEMENTO

GPS: N: 45° 45' 07.3"
O: 7° 53' 26.1"

Data: Sábado 1 de xullo de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 12 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Praza de España
Contacto e información:
Tifnos.: 982 379 251 - 699 604 533
concello.antasdeulla@eidolocal.es

A ruta comeza no lugar de A Ponte Mercé pola beira do río, ata chegar ao antigo Balneario de Frádegas, onde visitaremos a fonte de augas sulfurosas que emana no interior. Xantaremos ao carón do río e na ruta de volta, poderemos visitar o pobo de Santa Mariña e o patrimonio arquitectónico existente no lugar. Unha vez rematada a ruta, desprazámonos ata a parroquia de Santa María de Olveda, onde poderemos coñecer a nosa xoia natural: **O NACEMENTO DO ULLA.**



VEDRA RUTA VÍA DA PRATA E SAN XOÁN DA COVA

GPS: N: 42° 44' 45.0"
O: 8° 28' 19.0"

Data: Domingo 5 de agosto de 2018
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 14, 6 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Área de recreo de Cubelas
Contacto e información: Tel.: 981 814 691
casadospeons@concellovedra.com

Esta percorrerá un tramo do camiño da Vía da Prata e o resto discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura). Ten o seu inicio na “Capela do Santiaguíño” (S. XVIII), e o remate na “Área de Recreo de Cubelas”. No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese: a Capela e a fonte do Santiaguíño, no tramo da Vía da Prata, o pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa, o Muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde coa súa ponte colgante.



AGOLADA O SOBREIRAL DO ARNEGO

GPS: N: 42° 45' 47.7"
O: 08° 01' 08.0"

Data: Sábado, 11 de agosto de 2018
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 11 Km.
Dificultade: Media/baixa
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 619 267 783
inma.galego@agolada.es

Percorrido lineal desde a área recreativa de Vilaríño ata a área recreativa de Carmoega polo Sobreiral do Arnego (Rede Natura 2000) a carón do río Arnego (afiuente do Ulla). Principal masa forestal representativa da fraga atlántica con influencia mediterránea presente na cunca do río Ulla. Como especies máis representativas destacan o carballo e a sobreira. A fauna presenta un amplo abano de especies asociadas a áreas de matorral e bosque de ribeira.



A ESTRADA OS SONS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 32.8"
O: 8° 28' 10.0"

Data: Sábado, 1 de setembro de 2018
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 12 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Ponte de Ximonde
Contacto e información: Tel.: 629 577 246
senderuta03@gmail.com

Esta ruta levaranos pola beira do río Ulla gozando dos seus carreiros e dos diferentes sons que tanto a auga coma todos os animais que viven arredor ao río, como as aves, nos van orquestrando.

Faremos tamén unha pequena incursión nas beiras do río Liñares. Este río, afluente do Ulla ten na súa desembocadura no Ulla un dos lugares preferidos para os pescadores polo bo estado das súas augas que son a base dunha mellor fauna fluvial.



VALGA O VAL DO ULLA

ETRS89: X: 526.810,13
Y: 4.728.115,73

Data: Sábado, 8 de setembro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 10 Km.
Dificultade: Media/baixa
Punto de encontro: Entorno do Belén Artesanal
Contacto e información: Tel.: 986 559 456
concello.valga@eidolocal.es

A andaina dará comezo nas instalacións do Belén artesanal. De aí partiremos para o lugar do Souto, onde hai unha singular ponte de pedra de orixe medieval sobre o río Valga.

Despois visitaremos a igrexa románica, con campanario exento, alberga as reliquias da Santa e valiosas pinturas do S. XVI. Seguimos pola ribeira do Ulla e visitaremos o Mercado dos Mouros; a vida ao bordo dun río. Trátase dun xacemento romano escavado ao longo do ano 2014.



PONTECESURES OLLANDO O ULLÁN

GPS: N: 42° 43' 19.7"
O: 8° 39' 03.7"

Data: Domingo, 9 de setembro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 17,5 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: A Plazuela (centro urbán)
Contacto e información: Tel.: 986 564 410
xuventude@pontecesures.org

Este roteiro “Ollando o Ullán” comenza no centro urbán de Pontecesures. A continuación adéntrase nas ladeiras dos montes Castro Valente e Salgueiras, desde as que se pode observar na súa totalidade o Val do Ullán e o sinuoso trazado que fai o río Ulla no centro deste val.

Cabe destacar algúns lugares de interese, como son o Mirador de Galiñeira, os Petroglifos da Pedra da Serpe, así como as maravillosas vistas deste impresionante río e dos seus concellos limítrofes.



TEO AS BEIRAS DO RÍO ULLA

GPS: N: 42° 45' 13.5"
O: 8° 32' 38.8"

Data: Sábado, 15 de setembro de 2018
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 11 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Área de lecer do Xirimbao
Contacto e información: Tel.: 981 815 700
deportes@teo.gal

Iniciaremos a nosa andaina no igrexario de Santa María de Teo para percorrer toda a beira teense do Ulla onde coñeceremos o seu importante patrimonio cultural e natural como as súas pontes (ponte medieval de Pontevea e a Ponte colgante de Mariola no Couto de Pesca de Couso - Xirimbao), as fontes, mananciais e lavadoiros (A Burga de augas minero-medicinais de Xermeade, a fonte da Raña, a fonte de Santa Lucía, a fonte e lavadoiro de Agromaior), os petróglifos de Mallos, os cruceiros (Santa María de Teo) muíños e pesqueiras, etc...

